

Galicia, un exemplo do malo e do bo para a Sanidade pública.
Marciano Sánchez Bayle.
Médico.

Desde hai anos Galicia e Valencia convertéronse no banco de probas das políticas neoliberais do PP, que introduciron nestas Comunidades Autónomas (CCAA) as principais novidades na privatización dos servizos sanitarios que máis tarde tentaron estender ao resto do Estado.

O primeiro paso foi a constitución da Fundación do Hospital de Verín en 1995, cando Romay Beccaría era o conselleiro de Sanidade e Núñez Feijoo a súa man dereita, pois ocupaba a secretaría xeral da Consellería. Este modelo estendérono a outros tres hospitais comarcais de Galicia en breve tempo e o propio Romay tentou estendelo ao resto do Estado cando foi nomeado Ministro de Sanidade en 1996. Implantaron o modelo das fundacións sanitarias en Baleares, Madrid e A Ríoxa, onde aínda perviven. Outro paso importante no camiño privatizador foi a creación de Medtec, en 1996, constituída como unha sociedade anónima de capital público que pretendía xestionar con criterios mercantís a alta tecnoloxía da CCAA. Posteriormente (2008) foi reconvertida: pasou a chamarse Galaria e ampliou os seus cometidos ao asumir tamén funcións de consultora técnica, provisión de equipamentos de alta tecnoloxía e apoio loxístico.

Desde entón ampliaron de forma notable a política privatizadora, chegando a abarcar practicamente todos os aspectos que teñen algunha relación coa atención sanitaria: provisión, xestión, planificación, tecnoloxía, formación, informática, etc. Non vou detallar todos estes aspectos que serán reflectidos nas próximas páxinas. Todo este impulso privatizador ven rematar co esperpento do novo hospital de Vigo que, se é que vale de algo, sirve de exemplo práctico dos desastrosos resultados da política privatizadora, que provoca máis custes, máis demoras, unhas instalacións lamentables e un desastre asistencial.

Comecei por relatar o realmente malo no que se refire á Sanidade pública en Galicia. Pero creo que o bo é moito máis destacable porque en Galicia tense fraguado un amplísimo movemento social e profesional en defensa da Sanidade pública e contra das privatizacións que ten amosado unha grande capacidade mobilizadora con éxitos moi notables.

Coido que paga a pena deterse a examinar o que se ten feito. En primeiro lugar logrouse articular unha alianza permanente de organizacións sociais, profesionais, sindicais, políticas, concellos, etc., dunha composición variable en cada sitio concreto, en torno á defensa da Sanidade. As plataformas en defensa da Sanidade pública estiveron inicialmente focalizadas en problemas moi concretos (loita contra das fundacións e Medtec), mais posteriormente estendéronse por toda Galicia e tomaron o nome de SOS Sanidade Pública, que acolle a máis de vinte plataformas que cobren todo o territorio e que son un exemplo de como é posible articular un acordo de maioría social, sen sectarismos, respectando a pluralidade das organizacións políticas, sociais e sindicais arredor de cuestións concretas e que son fundamentais para a vida social.

A segunda cuestión que me interesa destacar ten que ver co traballo de fondo, a elaboración de análises en profundidade da situación sanitaria e de propostas concretas para afrontar os problemas da sanidade. Podemos citar o traballo "Revisan 2000: Informe acerca dos recursos sanitarios da Área de Vigo", a proposta presentada pola plataforma de Vigo e a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) respecto ao novo hospital de Vigo, elaborada xa no ano 2001 e que, por desgraza, foi desatendida pola Xunta de Núñez Feijoo cos perversos resultados que hoxe coñecemos.

Neste aspecto tamén convén resaltar as publicacións científicas analizando a situación que están recollidas en **Salud 2000, en Cadernos de Atención Primaria** e que mesmo tiveron repercusión internacional como na publicación no

Journal of Public Health Policy en 2001. A AGDSP fixo as únicas avaliacións independentes realizadas sobre o funcionamento das fundacións (publicadas por Gaceta Sanitaria ou Fundación Alternativas). Tamén podemos destacar a publicación de varios libros como "**A saúde como negocio**" e a súa continuación en castelán "**La salud como negocio**", así como a participación de autores galegos noutros como "**La contrarreforma sanitaria**" e "**La Sanidad no se vende**". En fin, que o labor de divulgación, de análises e de propostas viñeron da man co labor organizativo e de mobilización social e profesional.

En terceiro lugar quero destacar a gran capacidade mobilizadora en defensa da Sanidade pública demostrada polas plataformas. Desgraciadamente este aspecto non se ve reflectido nos medios de comunicación de fóra de Galicia. A última gran demostración de forza foi a masiva manifestación celebrada en Vigo o tres de setembro de 2015 na que decenas de miles de persoas expresaron o rexeitamento unánime da política privatizadora e cómplice (coas tramas das construtoras e financeiras) levada a cabo pola Xunta de Galicia. Pero non foi esta sola: nos últimos vinte e cinco anos téñense realizado decenas de mobilizacións por toda Galicia, demostrando unha enorme perseveranza e unha gran capacidade para administrar os tempos, o que é un elemento importante da razón do seu éxito.

Unha cuarta cuestión que me interesa resaltar é a capacidade de traballo demostrada e a habilidade para utilizar todos os medios posibles neste labor de concienciación e mobilización. Podemos citar como exemplo a tramitación de iniciativas legislativas populares ou a presentación dun recurso ante a Unión Europea sobre as irregularidades na concesión do novo hospital de Vigo.

Quero facer unha lectura positiva do acontecido nas últimas décadas. Por iso deixo constancia de que todo este labor ten dado algúns froitos, ademais de ter logrado que cidadáns e profesionais apoiem de maneira maioritaria a Sanidade pública e rexeiten as privatizacións. Tamén conseguimos que as fundacións sanitarias fosen rescatadas e reintegradas á rede do Sergas, e logramos paralizar, polo momento, a implantación das Unidades de Xestión Clínica (UXC) nos hospitais públicos. Houbo outros moitos logros de rango menor que, de todos xeitos, son moi importantes pois representan melloras concretas no funcionamento dos servizos sanitarios. Pero o importante é reverter esta tendencia e blindar o sistema sanitario público como un servizo esencial para a cidadanía. Para iso é imprescindible cambiar o goberno, expulsando aos que son os responsables do seu deterioro e privatización. Os cidadáns galegos teñen unha oportunidade nos próximos meses, na convocatoria electoral que se vai celebrar. Pero non debemos conformarnos con iso, pois é precisa unha constante labor de concienciación e presión da cidadanía e dos profesionais para garantir unha aposta efectiva dos gobernos a favor da Sanidade Pública.

Este libro analiza con detalle a situación a que se chegou co desastre do novo hospital de Vigo e sitúa este relato no contexto galego, estatal e internacional. Os seus autores son persoas con gran compromiso social e recoñecidos coñecementos e experiencia sobre o tema. Tamén aportan e propoñen alternativas para dar saída á problemática creada con este proxecto cheo de irregularidades. É un libro excelente que nos incita a todos a seguir loitando e traballando polo dereito á saúde e para que os intereses do 99% da poboación prevalezan sobre os das multinacionais, dos especuladores financeiros e das numerosas tramas que queren facer negocio e lucrarse de forma indecente a expensas dos orzamentos públicos e mesmo poñendo en risco a continuidade do actual sistema sanitario.

A súa lectura e as recomendacións que recolle poden ser proveitosas para a nosa saúde e a de todos, mais tamén para a saúde democrática da sociedade na que vivimos.

Madrid, marzo de 2016.

Marciano Sánchez Bayle. Médico pediatra. Director do Observatorio de Políticas de Saúde, presidente da International Association of Health Policy e portavoz da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública (FADSP). Traballa como pediatra en Madrid.